

**REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO**  
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 28/12/2018 13:05:51

**SAIDA 16583/18**

Secretaría Xeral Técnica  
Consellería de Economía, Emprego e Industria  
Edificio Administrativo San Caetano  
15781 – SANTIAGO DE COMPOSTELA

Reclamante: [REDACTED] en representación da Asociación [REDACTED]

Expediente. Nº **RSCTG 126/2018**

Correo electrónico: [REDACTED]

**ASUNTO:** Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Vista a reclamación presentada por [REDACTED] en representación da Asociación [REDACTED] que tivo entrada no Rexistro do Valedor do Pobo o 17 de outubro de 2018, considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia adopta o seguinte acordo:

#### **ANTECEDENTES**

**Único.** [REDACTED] en representación da Asociación [REDACTED] presentou reclamación contra a desestimación da súa solicitude á Consellería de Economía, Emprego e Industria, de acceso á información ambiental referida á explotación mineira San Rafael 2946.

Na referida reclamación a interesada expón que en data de 6 de outubro de 2017 a asociación á que representa personouse e compareceu presentando alegacións no procedemento de información pública relativo á actualización de proxecto de explotación, plan de restauración e estudo de impacto ambiental da concesión de explotación San Rafael nº 2946, sita nos concellos de Touro e O Pino (A Coruña), solicitando ademais diversa información ambiental. Considera que con data do 6 de novembro de 2017, admitiuse por silencio administrativo a petición, por ter transcorrido o prazo máximo para resolver, sen que se tivera notificado unha ampliación de prazo, ou calquera outra notificación, e sen que se teña facilitado a información ambiental solicitada.

Con data do 5 de xullo de 2018, se lle notificou acordo da Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Economía, Emprego e Industria de acumulación de procedementos e adopción de medidas provisionais, ambos ditados en data de 4 de xullo de 2018, consistindo as medidas provisionais acordadas esencialmente no que a reclamante considera medidas disuasorias ao solicitante, por tratarse dun requirimento de comparecencia a máis de 200 Km do domicilio da solicitante e en horario laboral, cando a información ambiental solicitada é a copia íntegra da totalidade dos expedientes, coas excepcións relativas a límites no acceso e á disociación de datos.

Con data do 5 de outubro de 2018, lle foi notificada a resolución da Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria de declaración de desestimento contra a que presentou recurso de alzada con data do 3 de novembro de 2018.

Manifesta que a data de hoxe, a información ambiental solicitada continúa sen ser proporcionada, incumpríndose os prazos e o procedemento establecido, violando así o dereito ao acceso á información ambiental que a Lei 27/2006 debe garantir en transposición do dereito comunitario e internacional establecido na Directiva 2003/4/CE e no Convenio de Aarhus.

A súa solicitude de información ambiental foi formulada expresamente como tal, invocando expresamente o marco legal correspondente a ese tipo de solicitudes (Lei 27/2006, Directiva 2003/4/CE, e Convenio de Aarhus), e a información solicitada versa sobre asuntos de incuestionable carácter ambiental, como son as voaduras dunha explotación mineira que causan alteración do medio, ruídos, nubes de po, vibracións, etc.

Considera a Asociación que o recurso potestativo de reclamación ante a Comisión da Transparencia de Galicia non procede, ao ser un recurso específico nos procedementos de acceso á información pública segundo a Lei 19/2013, cando a súa solicitude corresponde a información ambiental con seu procedemento específico, e que non é de aplicación supletoria a Lei 19/2013 por non existir ningún «vacío normativo» e por ir contra os DEREITOS dos cidadáns dispostos no Convenio de Aarhus, a Directiva 2003/4/CE e Lei 27/2006.

Non obstante, aos efectos de formalizar en tempo e forma o recurso ao que lle remite a Administración, presenta o mesmo, esgotando así tamén esta vía antes de proceder a exercer as accións ante os tribunais españois e elevar o asunto ás institucións europeas e á comisión da ONU que vela sobre o cumprimento do Convenio de Aarhus.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

### **Primeiro. Competencia e normativa**

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación perante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das ditas reclamacións.

## **Segundo. Procedemento aplicable**

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación se axustará ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

## **Terceiro. Dereito de acceso á información pública**

A lei 1/2016, de 18 de xaneiro, recoñece no seu art. 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma se configuran de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, de 18 de xaneiro).

O obxecto da lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos se somete a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións se pode falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente exixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

## **Cuarto. Análise do expediente**

A reclamación presentada pola ██████████ en representación da Asociación ██████████ diríxese contra a actuación da Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Economía, Emprego e Industria ante a súa solicitude de acceso á información de carácter ambiental no procedemento de información pública relativo a actualización de proxecto de explotación, plan de restauración e estudo de impacto ambiental da concesión de explotación San Rafael nº 2946 (Touro e O Pino, A Coruña), solicitando ademais diversa información ambiental e os acordos do 5 de xullo de 2018, de acumulación de procedementos e adopción de medidas provisionais e resolución do 5 de outubro de 2018, de declaración de desestimento da súa solicitude por non ter concretado no prazo que se lle concedeu, a información solicitada.

Debemos analizar no presente expediente dous aspectos: en primeiro lugar se a solicitude de acceso á información solicitada pola Sra. Celeiro, tal e como a reclamante afirma de forma reiterada ten un contido de carácter ambiental, e en segundo lugar se contra a citada resolución procede a presentación de reclamación ante esta Comisión.

O artigo 2.3 da Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información medio ambiental, participación pública e xustiza en materia de medio ambiente considera información ambiental toda información en forma escrita, visual, sonora, electrónica ou en calquera outra forma que verse sobre o estado dos elementos do medio ambiente (aire, atmosfera, a auga, o chan etc..) os factores, tales como substancias, enerxía, ruído etc que afecten ou poidan afectar os elementos do medio ambiente citados anteriormente, as medidas, incluídas as medidas administrativas, como políticas, normas, plans, programas e acordos en materia de medio ambiente, os informes sobre a execución da lexislación ambiental, o estado da saúde e seguridade das persoas, condicións de vida humana, bens do patrimonio histórico, cultural e artístico e construcións.

O concepto de información ambiental contido na Lei 27/2006 e nas Directivas Europeas 2003/4/CE e 2003/35/CE é dunha gran amplitude, afirmándose en diversas sentenzas do Tribunal de Xustiza das Comunidades Europeas que o concepto de información medioambiental abrangue calquera información relativa ao estado dos distintos elementos do medio ambiente, as actividades ou medidas que poidan afectar ou protexer o estado dos devanditos elementos, incluídas as medidas administrativas e os programas de xestión do medio ambiente, debendo ser interpretada a directiva no senso de que no concepto de *medidas administrativas*, non se debe excluír ningunha das actividades que desenvolve a autoridade pública, debendo incluírse todas as formas de exercicio de actividade administrativa. O Tribunal mantén que para que unha información se considere que versa sobre medio ambiente a efectos da Directiva, basta que un informe da Administración constituíse un acto que puidese afectar ou protexer o estado dalgún dos sectores do medio ambiente aos que se refire a Directiva.

Respecto ao contido de carácter medioambiental da información solicitada, referida como expón a reclamante a voaduras dunha explotación mineira que causan alteración do medio, ruídos, nubes de po, vibracións, etc., non cabe dúbida de que é información carácter ambiental ao estar incluída no concepto contido na Lei 27/2006, polo que tal e como indica a solicitante, de conformidade co disposto na Disposición Adicional Primeira da Lei 19/2013, deben tramitarse, ao ter esta materia previsto un réxime xurídico específico de acceso á información, tanto no procedemento de acceso á información como nos procedementos de recurso, pola súa normativa específica, e supletoriamente no non previsto, pola normativa en materia de transparencia. De acordo co anterior, procede a inadmisión da reclamación presentada ante esta Comisión.

Por outra banda, a supletoriédade da normativa de transparencia en aspectos non regulados pola normativa ambiental, permite que a resolución que se recorre poda basearse en causas de desestimento contemplados na Lei 19/2013, cal é a non concreción de forma suficiente (inexistente no presente caso) da información solicitada, debendo o resto da tramitación da solicitude, incluíndo os procedementos de recurso, axustarse ao disposto na normativa ambiental, polo que considérase que non é correcto o ofrecemento de reclamación ante o Valedor do Pobo que contén a resolución recorrida, carecendo esta Comisión de competencia para resolver sobre esta materia.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

#### ACORDA


**Primeiro:** Inadmitir a reclamación presentada por ██████████ en representación da Asociación ██████████ contra a resolución da Xefatura Territorial da Coruña, da Consellería de Economía, Emprego e Industria do 4 de outubro de 2018.

**Segundo:** Instar á Consellería de Economía, Emprego e Industria a que proceda á corrección do recurso ofrecido á entidade interesada na resolución impugnada, de conformidade co último parágrafo do fundamento xurídico cuarto desta Resolución.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, unicamente cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co previsto no artigo 8.3 a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, a 19 de decembro de 2018

A presidenta da Comisión da Transparencia

  
Milagros Otero Parga